



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA LUNS 18 DE SETEMBRO DE 2023

Visto que hai partidas do orzamento que se atopan con saldo negativo ás que se deben imputar gastos que non se poden demorar como son os derivados da adecuación dos centros escolares con motivo do inicio do curso escolar ou os gastos derivados das emerxencias sociais que pola súa propia natureza son imprevisibles e teñen aumentado considerablemente neste exercizo e as achegas que a maiores ten que facer o Concello ás obras do POS+ 2021 e 2023 con motivo de modificacións nos proxectos.

Visto que, unha vez aprobada a Conta Xeral polo Pleno da Corporación, renderase polo Presidente da Entidade Local aos órganos de control externo competentes antes do 15 de outubro a través das plataformas electrónicas correspondentes e que despois de fiscalizada polo órgano de control externo, sométese á consideración da Entidade Local a proposta de corrección das anomalías observadas e o exercicio das accións procedentes.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: luns 18 de setembro de 2023
- ➔ Hora: 09:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2023 PARA FACER FRONTE AS OBRIGAS DERIVADAS DOS GASTOS ESPECÍFICOS E DETERMINADOS QUE NON PODEN DEMORARSE AO EXERCICIO SEGUINTE.
2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2022 E RENDICIÓN DA MESMA AOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO. 2023/T017/000001

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca